



Incineración? non grazas, existen alternativas



**Amigos
da Terra**

Revista informativa

nº4- outono-inverno [2010]

Somos unha ONG ecoloxista de ámbito galego, formada por socios/as e voluntari- os/as que xuntos fomentamos un cambio local e global cara unha sociedade máis respectuosa co medio ambiente, xusta e solidaria.

Formamos parte de Amigos de la Tierra e de Friends of the Earth, a rede de grupos ecoloxistas máis extensa do mundo, conxugando a 70 grupos nacionais diversos e uns 5000 grupos locais de activistas en todos os continentes.

Pretendemos un mundo onde todos os seres vivos e pobos vivan con dignidade e harmonía coa natureza.

OS NOSOS VALORES

- * Xusta e solidaria
- * Próxima ás persoas
- * Comprometida socialmente
- * Global e local
- * Constructiva e positiva
- * Educativa
- * Activista e reivindicativa
- * Aberta e dialogante
- * Pacifista e non violenta
- * Democrática e participativa
- * Independiente e laica

Baixo o lema “**Pensa e Actúa Globalmente e Localmente**” desenvolvemos e apoiamos iniciativas que axudan a mellorar o noso entorno dende a reflexión e a acción, plantexando unha actitude de defensa do medio ambiente, realista e constructiva.

Os nosos eixes principais de actuación son:

- Educación Ambiental
- Activismo e Reinvidicación



Sumario

- 03 **Editorial**
- 04 **Asesoría Xurídica**
A contaminación dos ríos galegos avócaos á perda dun recurso fundamental, a auga.
- 06 **As Corcerizas**
Alimentar a mente e coidar o medio ambiente a través dos alimentos.
- 08 **Residuos**
Axúdanos a reducir a xeración de residuos para frear a incineración.
- 10 **Cooperación**
A Responsabilidade Social Corporativa, clave na loita contra a pobreza.
- 12 **Voluntariado**
Ecovixías, na busca de infraccións ambientais
- 14 **Grupo Local Ourense**
Esquecemento entre cinzas
- 16 **Pequenos grandes logros de Amigos de la Tierra**
- 18 **Entrevista:** Eva Alonso, xornalista da ONGD AGARESO
- 19 **Amigos da Terra en acción**

Revista informativa [4] editada por:

Amigos da Terra
Rúa da Concordia 20 - 2º Esquerda, 32003 Ourense
www.amigosdaterra.net - info@amigosdaterra.net

Dirección e coordinación: Montse Fernández

Equipo de redacción: María Durán, Montse Valencia, Analía Moares, Ángel Dorrió, Judith Sing, Xosé Santos e Lhosca Arias.

Fotografías da portada: Mar Sastre e Víctor Barro

Deseño e maquetación: Amigos da Terra

Imprime: Gráficas Anduriña

DL: OU 159-2007 **ISSN:** 1888-659

NOTA:

Amigos da Terra non se fai responsable das opinións vertidas por persoas alleas á edición deste boletín, ben sexa en citas textuais ou en entrevistas persoais.



Impreso 100% en papel reciclado
Publicación de carácter gratuito



Lhosca Arias
Socio de Amigos
da Terra

Mudar ou morrer?

Se algo define á vida, isto é o cambio continuo, o fluír sen límite coñecido. Non sabemos procedente de onde nin con que destino. Quizais iso non sexa o importante e preguntarnos tal cousa non serva de nada. Non debemos atopar un sentido á vida, a vida simplemente debe ser vivida, sen máis.

Neste fluír temos dúas opcións, mirar cara o que imos deixando atrás ou abrazar os novos acontecementos coa ledicia da transformación, da superación. Vivir dun xeito feliz é conxugar libremente as nosas necesidades, desexos, pensamentos e sentimentos.

Nun tempo anestesiado, adormecido, insensible, agora mais que nunca recuperar o sentir, tórnase imprescindible para recuperar o pulso á vida, que se nos vai e á que miramos marchar sen facer nada. A indiferenza non forma parte da vida. Se algo non é a vida, é o non escoller, o non mudar nunca. Que nada nos importe é a sombra do que somos. Se alguén aínda non se percatou do tempo que nos tocou vivir, eu diría que

este é o de ter que dar respostas. Respostas sobre as consecuencias do que estamos a facer, así como do que tamén aprobamos facer. Respostas que ninguén que non sexamos cada un de nós pode dar.

O ecoloxismo do presente non debería estar desligado de todo o que tamén somos, debería formar parte da vida en tódalas súas vertentes, non como unha mirada sobre o mundo, senón como un sentir o mundo. Ser ecoloxista hoxe non debería ser outra cousa que ser persoa, viva, libre, responsable.

Sé o cambio que queres ver no mundo. Sendo transparente e aportando transparencia a quen contamina, reducindo os teus residuos para non ter que queimalos, facendo un consumo consciente, comprometéndote cos pobos empobrecidos, dinamizando o teu entorno local máis próximo, etc.

Amigos da Terra tamén forma parte do movemento que está a cambiar o mundo, na medida no que día a día materializa cambios de actitude. Dende o local, dende a proximidade, desde o asociacionismo.

Esgotouse o tempo de soñar cun futuro, o de pensar e o de falar. Chegou o momento de actuar. O noso soño é presente, debemos espertar e comezar a camiñar. Se non imos onde queremos, debemos baixar do tren e continuar polo noso propio pé.

Esgotouse o tempo de crer, o de enganarse pensando que alguén poderá sacarnos desta vía morta pola que imos e na que remataremos se non facemos algo. Temos idade dabondo para camiñar por nós, para soñar por nós, sendo nós, sentindo e coñecendo o que facemos.

Debemos preguntarnos porque continuamos votando a uns políticos que gobernando fan o que eles queren, que pensan distinto a nós, que senten distinto a nós e que teñen unhas necesidades ben distintas ás nosas.

Porque continuamos vendo e nutríndonos duns medios televisivos que non priorizan o que para nós sería importante? Que en lugar de buscar colectividade dando respostas, promoven individualidades inconscientes e consumistas, ancoradas na inactividade e no medo.

Porque continuamos pensando que o noso sistema económico é unha verdade absoluta? Acaso non é o materialismo e todo o que iso conleva, a fonte desta ruína persoal, social, medioambiental e dos recursos de todo tipo no planeta? Porque non comezar a pensar que podemos desenvolvernos doutro xeito? Onde a enerxía do que fagamos non sexa este diñeiro lastrante, senón luz sen límites, tanta como a que levamos dentro.

Eu escollo vivir. A opción está dentro de nós. O mudar é agora.

ASESORÍA XURÍDICA

A contaminación dos ríos galegos avócaos á perda dun recurso fundamental, a auga

Montse Valencia

xuridico@amigosdaterra.net

“A civilización creceu nas ribeiras dos ríos, cos que nos une un forte lazo emocional. Hoxe as súas augas asfíxianse entre presas e verteduras. Pero aínda poden salvarse”. **Guido Schmidt** (Doutor en Planificación Ambiental).

Unha das principais características de Galicia é a súa riqueza paisaxística, e dentro desta riqueza xogan un papel fundamental os miles de ríos que surcan a comunidade, enchendo de vida e biodiversidade todos os cantos.

Os ríos son algo máis que correntes de auga, e Galicia posúe unha gran riqueza nos seus afluentes, existindo moitas especies endémicas de invertebrados que non se atopan en ningún outro lugar fora da comunidade, de aí a importancia da súa conservación.

Non obstante, os ecosistemas de auga doce están a ser sometidos a fortes presións ambientais derivadas fundamentalmente da actividade antropoxénica, provocando que a súa biodiversidade se estea a reducir a unha velocidade moi por enriba da doutros ecosistemas.

A maior parte das ameazas proveñen directamente da influencia humana: construción de encoros con fins eléctricos, construción

de paseos fluviais, dragados, falta de control das especies invasoras e, sobre todo, verteduras contaminantes, que, con frecuencia, aparecen na maior parte dos ríos galegos, levando por diante calquera modo de vida.

Orixe das verteduras

Segundo o antedito, existe unha clara orixe antropoxénica nesta ameaza á supervivencia dos ríos, é dicir, a actividade humana é o máis claro expoñente do desprezo ao coidado e conservación da auga.

Dentro desta orixe, cabe diferenciar aqueles supostos que se producen por negligencia ou imprudencia, e aqueles producidos por actos conscientes e de mala fe. Ambos casos poden revestir unha especial gravidade se quedan impunes. A impunidade atinxe na actualidade, segundo o regulado pola lei de responsabilidade ambiental, non só respecto ao pago da debida multa ou cumprimento da sanción, senón á restauración medioambiental por danos ao dominio público hidráulico.

Existe unha segunda orixe das verteduras, a inactividade administrativa, ben por omisión ou ben por accións incorrectas ou a destempe. O certo é que a Administración galega, au-

tonómica ou local, lonxe de ter a vontade de dar efectividade manifesta ás obrigacións contidas na directiva marco da auga, asinada e aceptada e cuxo cumprimento respecto ao saneamento das augas será avaliado en 2015, mantén unha postura de salvagarda dos intereses políticos e empresariais allea á protección efectiva da auga.

Esta actuación amosa unha clara falta de sensibilidade e concienciación por parte da Administración, terreo no que traballa facendo especial fincapé Amigos da Terra. Pero ademais amosa un grave desleixe respecto ao cumprimento da lexislación, o que carrega non só problemas mediambientais de consecuencias irreversibles na maioría dos casos, senón tamén unha mofa aos cidadáns que na súa vida cotiá se someten a toda unha amalgama de normas que deben cumprir baixo pena de multa ou prisión. Por que existe esta discriminación positiva da Administración?

Consecuencias ambientais das verteduras

Os ríos, pola súa capacidade de arrastre e o movemento das augas, son capaces de soportar maior cantidade de contaminantes. Porén, a presenza de tantos residuos domésticos, fertilizantes, pesticidas e refugallo industriais altera a flora e a fauna acuática.

Nas augas non contaminadas existe un equilibrio entre os animais e os vexetais, que se rompe pola presenza de materiais estraños. Así, algunhas especies desaparecen mentres que outras reproducense en exceso. Ademais, as augas adquiren unha aparencia e cheiro desagradable.

Por outra banda, non debemos esquecer que os ríos constitúen a principal fonte de abastecemento de auga potable das poboacións humanas, e polo tanto a súa contaminación limita a dispoñibilidade deste recurso imprescindible para a vida.

As industrias son as causantes do maior ingreso de substancias altamente tóxicas nas augas, con concentracións de metais cuxa inxestión repetida en pequenas cantidades determina ao cabo do tempo, altas concentracións de metais nos tecidos do organismos. Estas augas contaminadas adoitan terminar no mar e gran cantidade de peixes para o consumo humano convértese pola súa parte en axentes tóxicos.



Os ríos galegos sofren continuamente novos vertidos.

Solucións ás verteduras

A correcta e estrita aplicación da normativa ambiental pasa por ser unha das primeiras solucións para por fin ás verteduras. Evidentemente, existe un paso previo á imposición de sancións polas agresións cometidas aos contornos fluviaes e que tamén están reguladas xuridicamente: as inspeccións. Tanto inspeccións oculares, sobre as zonas evidentemente sensibles, como inspeccións documentais, é dicir, estar ao tanto das autorizacións de vertido outorgadas pola Administración, para cerciorarse de que dita vertedura se axusta aos parámetros legalmente establecidos polos que se garante a idoneidade ecolóxica do vertido, coa responsabilidade ambiental do mesmo, e a conservación do medio receptor do vertido.

Inculcar valores de sensibilización e concienciación é outra das solucións máis importantes. É necesario, pois, outorgar a debida información e formación para que toda a rede social, que inclúe cidadáns, empresarios e persoal da Administración, estea informado, non só de como detectar unha vertedura senón de como facer fronte a ela.

É precisamente neste terreo no que máis incide o traballo de Amigos da Terra: a formación e o asesoramento convértese en accións complementarias á tramitación de denuncias e recursos administrativos.

AS CORCERIZAS

Alimentar a mente e coidar o medio ambiente a través dos alimentos.

Consumo consciente e responsable

Analía Moares

info@ascorcerizas.com

No Centro de Educación Ambiental As Corcerizas camiñamos sempre cara adiante poñendo en práctica, coa maior coherencia e pragmatismo posible, os principios e ideais que a Asociación defende no seu día a día e, no tocante a cuestión da alimentación, non podía ser menos.

Neste senso, os valores transmitidos e esforzos invertidos teñen un alto valor diferencial no proxecto, demostrando, dende a práctica, que ofrecer un servizo de manutención de alta calidade, saudable e baixo unha esixente coherencia ambiental, é viable e educativamente imprescindible.

A política de consumo consciente e responsable que desenvolvemos no Centro, parte do deseño dun menú con produtos locais de tempada, equilibrado e atractivo, potenciando os alimentos frescos e verduras sobre os preelaborados e a carne.

A orixe dos alimentos é, na medida do posible, da agricultura ecolóxica local: verduras maiormente da zona de Rairiz de Veiga, zumes e marmeladas de Ferreira de Pantón, infusións do Ulla, etc. Mentres outros alimentos como pasta, aceite e algunhas legumes, obtémolas da relación directa con produtoras ecolóxicas da península e norte de Portugal. Para aqueles alimentos que non se producen no entorno próximo, e que deberíamos reducir, como café, zúcre, cacao..., confiamos nos cri-

terios defendidos nos produtos de comercio xusto.

A aplicación consciente e difusión destes criterios convértese nunha medida real que favorece o desenvolvemento das pequenas fincas ecolóxicas, revalorizando os produtos locais e promovendo un mundo rural vivo.



No centro ofrecemos produtos locais de tempada e de comercio xusto.

Pero para nós, a coherencia dun alimento vai máis alá da súa orixe e forma de cultivo, facéndose cada vez máis necesaria unha atenta análise do sistema de distribución e embalaxe do mesmo.

No referente á minimización dos consumos enerxéticos e redución dos residuos xerados ten novamente un papel fundamental o equipo de cocifa, quen poñendo en práctica os principios das 5 erres (Reflexión, Rexeitamento, Redución, Reutilización, Reciclaxe), prioriza as compras a granel e produtos coa mínima embalaxe posible, sendo esta de baixo impacto, e priorizando a reutilizable fronte a reciclable.

O carácter educativo e divulgativo que supón a propia comida servida no Centro, incita á reflexión sobre a pegada ecolóxica que supón a nosa alimentación diaria, facéndonos conscientes do gasto enerxético e contaminación que se produce no sistema alimentario internacional no seu senso máis amplo: produción, procesado, empacado, refrixeración, cocinado, tratamentos dos residuos xerados e, sobre todo, distribución por todo o planeta.

A liña de traballo de Amigos da Terra en As Corcerizas seguirá marcada pola defensa da produción local e ecolóxica, facendo fronte aos transxénicos e incorporando novas formas de elaboración de alimentos que satisfagan as nosas necesidades e estimulen os nosos sentidos e imaxinación.

En As Corcerizas pretendemos dirixirnos cara un sistema alimentario diferente, no que todos e todas vivamos dignamente e teñamos suficientes alimentos sans e nutritivos, co horizonte de acadar conxuntamente a soberanía alimentaria dos pobos.



Dende a asociación defendemos a produción local e ecolóxica.

O CONSUMO DE CARNE

Amigos da Terra non está en contra do consumo de carne, pero si defende unha dieta máis sustentable que, inexorablemente, pasa pola redución do consumo actual de carne e o rexeitamento á sobreexplotación levada a cabo na gandería industrial, abastecida fundamentalmente a base de transxénicos.

Hai que partir da base de que as proteínas que consumen os animais son proteínas que nós poderíamos consumir directamente; necesitando entre 3 e 20 kg de proteína de orixe vexetal (segundo as especies e os métodos de cría intensiva empregado) para obter 1 kg de proteína de orixe animal. Non é un dato insubstancial que máis do 40% dos cereais do mundo e máis de 1/3 das capturas pesqueiras sexan utilizadas para alimentar gando. (datos: Jorge Riechmann, 2009)

Para producir 1 kg de carne necesítanse aproximadamente, 12.600 litros de auga (dende regar os campos de cultivo para fabricar pensos, ata a auga que se necesita para criar o animal). Non obstante para producir 1 Kg de cereal necesítanse aprox. 1.000 litros de auga. Se gastamos aproximadamente 35 litros de auga en ducharnos, podemos aforrar máis auga, non comendo 1 kg de carne, que non duchándonos nun ano enteiro!



RESIDUOS

Axúdanos a reducir a xeración de residuos para frear a incineración

María Durán



residuos@amigosdaterra.net

Fotografías: Mar Sastre

Na actualidade, Galicia atópase á cabeza das rexións europeas que máis usan a incineración como forma de xestión dos residuos, e se o novo plan de residuos se aproba, as galegas e galegos seremos líderes absolutos en quilogramos de residuos incinerados por persoa e ano. Todo isto a pesar de que a incineración, eufemisticamente chamada “revalorización enerxética”, ten demostrado ser unha opción tecnolóxica que non soluciona o problema dos residuos, nin do consumo de recursos.

Seguimos consumindo petróleo, enerxía, auga e materias primas a un ritmo insostible, e xerando residuos cada vez máis perigosos, máis custosos de xestionar e en maior cantidade. Todo isto nunha espiral crecente que semella non ter fin.


Por iso é preciso, agora que o novo plan de residuos de Galicia está a piques de hipotecar o futuro das galegas e galegos en esta cuestión para os vindeiros 10 anos, que “nós”, como cidadáns e como colectivo ecoloxista, tomemos parte. Na nosa acción diaria, como persoas consumidoras, como xeradoras de residuos e como activistas, está unha boa parte da solución para facer que a incineración se reduza e SOGAMA bote o peche.

Galicia, líder da Unión Europea en incineración

Cada galego e galega xera na actualidade 442 kg de residuos ao ano, dato que nos sitúa por debaixo da media española (preto

dos 600 kg) e aínda máis abaixo da media da UE. En cambio, en Galicia a Xunta incinera o 42,5% dos Residuos Sólidos Urbanos. Tendo en conta que a media europea está no 20%, e a española non chega ao 10% do total de residuos xerados, podemos concluír que Galicia ten o dubidoso mérito de ser hoxe unha das rexións líderes da incineración en España e en Europa.

O modelo galego, líder europeo en incineración
(Kilogramos por persoa e ano)



Elaboración: Amigos da Terra con datos da Xunta de Galicia e de Eurostat.

Ademais, o novo plan de residuos que o goberno galego quere aprobar, prevé a construción dunha nova planta incineradora no sur de Galicia cunha capacidade semellante a actual, feito que nos colocaría entornó aos 375 Kg de lixo por galego que anualmente serían enviados a incinerar. Unha cifra só superada hoxe por Dinamarca, con algo máis de 400 kg.

Que modelo de xestión de residuos queremos para Galicia?

O goberno galego aposta erroneamente polo modelo danés, que non conseguiu conter a xeración de residuos (801kg/persoa e ano, récord europeo) nin as emisións e riscos da queima do lixo (427kg/persoa e ano que son enviados a incinerar).

Non obstante, lonxe deste modelo existen en Europa rexións que están a xestionar os seus residuos minimizando a incineración. A rexión de Flandes (Bélxica) por exemplo, é o espello no que a Xunta que Galicia se debe mirar de cara ao futuro. Esta rexión conseguiu reducir nun 73% a xeración de residuos entre 1996 e 2006 e segundo datos do 2007, recicla e composta o 75% dos seus residuos.

Por iso, dende Amigos da Terra pedimos á Xunta de Galicia que de un xiro na súa política de residuos, baseada na súa maior parte na incineración, e siga o exemplo de Flandes, facendo unha aposta decidida pola redución na xeración de residuos (lonxe do 10% do novo plan), pola compostaxe e pola descentralización na xestión dos mesmos, como as medidas máis eficaces para reducir o gran volume de residuos de Galicia.



Toneladas de lixo amontóanse nas instalacións de SOGAMA, a maior parte rematará incinerándose.

Algo vai mal, non me gusta a incineración, que podo facer eu?

Fronte a actual situación compre actuar. O novo plan de residuos está a piques de aprobarse, pero esta non é a última oportunidade para mobilizarse e frear a xeración de residuos, o consumo de recursos e recuperar o camiño da sustentabilidade. Cada día temos centos de oportunidades para loitar contra a “incineración”.

Aquí tes algunhas ideas:

- **Reduce o teu consumo:** A xeración de residuos está vinculada directamente ao consumo. Consumir menos, pensar detidamente se precisamos o que imos mercar, se existen opcións mellores, prolongar a vida útil dos bens que mercamos, aproveitar, reparar ou reutilizar son exercicios de “loita contra a incineración”. Podes probar a practicalos.

- **Consumo responsable:** Sempre hai opción. Podemos elixir aqueles produtos con menores envases ou a granel. Evitar os tetrabriks e as latas e apostar polo vidro. Utilizar electrodomésticos máis eficientes, mercar produtos alimentarios de tempada e ecolóxicos, etc. Busca na túa cidade os grupos e cooperativas de consumidores, están espalladas por toda Galicia.

- **Practica a reciclaxe reivindicativa:** Evita utilizar o mínimo posible o contedor xenérico. O que botas neste contedor é o que se incinera. Facendo unha boa separación e minimizando o uso de produtos non reciclables podemos diminuír obxectivamente a incineración.

- **Mobilízate en Amigos da Terra:** Aportamos alternativas prácticas e realistas ao actual plan de residuos e a actual xestión baseada na incineración. Facemos presión política para acadar un cambio na xestión do novo plan de residuos e grazas a nós, máis de 2.000 persoas na comunidade fan compostaxe no marco do programa que desenvolvemos desde hai máis de 6 anos. Axúdanos a seguir traballando. Faite socia/o, faite voluntaria/o de Amigos da Terra.



COOPERACIÓN

A Responsabilidade Social Corporativa, clave na loita contra a pobreza

Judith Sing cooperacion@amigosdaterra.net

En Amigos da Terra levamos desenvolvendo proxectos de cooperación ao desenvolvemento dende o ano 2004. Dende o primeiro momento, a filosofía que rexeu o noso traballo en cooperación foi a búsqueda das capacidades locais e un maior respecto polo medio ambiente, sendo o fin último da mesma, revertir a situación das comunidades que sofren condicións de exclusión e extrema pobreza a través dunha xestión adecuada dos seus recursos naturais.

Na actualidade, acabamos de finalizar en Centroamérica un proxecto importantísimo de grande impacto para a zona do Golfo de Fonseca, un ecosistema que comparten Nicaragua, Honduras e O Salvador. Dito proxecto incidía na xestión sostible dos recursos mariño - costeiros da rexión e, a través do mesmo, puidemos traballar directamente con 500 pescadores/as da zona, facilitándolles equipos para o manexo e procesamento do peixe, implicando as mulleres nos procesos produtivos, fortalecendo as cooperativas de pescadores/as en temas de xestión e organización, pero, sobre todo, capacitándoos en boas prácticas de pesca, co obxectivo de garantir un aproveitamento sostible dos recursos mariño - pesqueiros e a protección dos manglares, uns ecosistemas de vital importancia pola gran biodiversidade que albergan.

Non obstante, moitas veces estas accións vense enturbadas polas actuacións irresponsables de grandes multinacionais galegas, que nos fan preguntarnos ata que punto é de calidade a cooperación que estamos a desenvolver nestes países.

Sobre todo, cando vemos como estas empresas están continuamente explotando os recursos naturais destas zonas, violando de forma sistemática os dereitos sociais, medioambientais, económicos e civís das poboacións do Golfo de Fonseca, e, en definitiva, faltando a calquera política de Responsabilidade Social Corporativa (RSC).

A definición de RSC¹ establece que as empresas que a levan á práctica caracterízanse por ter en conta os impactos que todos os aspectos das súas actividades xeran sobre os seus clientes, empregados, accionistas, comunidades locais, medioambiente e sobre a sociedade en xeral. O que implica ademais, o cumprimento obrigatorio da lexislación nacional e internacional tanto no ámbito social, laboral e de dereitos humanos como no medioambiental. Pese a que nun principio, a Responsabilidade Social Corporativa, naceu como unha ferramenta para conseguir acadar un desenvolvemento sostible nestes países, rematou converténdose nunha eficaz estratexia de mercadotecnia da que unicamente saíron beneficiadas as multinacionais.

Dous exemplos claros desta situación atopámoslos en Nicaragua e O Salvador, onde están presentes multinacionais galegas como Calvo e Pescanova².

A compañía galega Pescanova posúe a máis grande das plantas transnacionais que operan en Latinoamérica. En 2008 abriu no occidente de Nicaragua a maior fábrica de procesado de lagostino, unha factoría criticada polos pescadores artesanais de Nicaragua, porque está a mercar de xeito irresponsable terras extensas de bosques de manglar, nas que construírán granxas camaroneiras a grande escala. Afectando deste xeito, a un ecosistema protexido e rico en especies mariñas e poñendo en perigo os medios de vida dos pescadores pobres da zona. Así mesmo, a empresa foi denunciada pola violación dos dereitos laborais e contra o dereito á soberanía alimentaria, obrigando aos seus empregados a traballar máis de 12 horas diarias. Pero o máis irónico de todo isto, é que a empresa seguindo os principios de RSC que proclama, aposta pola sostibilidade e tamén apoia programas de educación ambiental e financia proxectos "eco-amigables"

Pola súa parte, Calvo, empresa conserveira líder en España e terceira produtora mundial de atún, está internacionalizando o sector, deslocalizando a produción, elaboración e conserva a países onde atopa custes laborais máis baixos e materias primas máis baratas. Calvo abriu a súa planta procesadora no territorio da Unión, O

Salvador, en 2003. As malas condicións laborais son un dos puntos máis negativos da actuación da empresa neste territorio, ademais de obstaculizar canto puido a implantación de sindicatos na planta. Tamén se lle acusou de prácticas oligopólicas, que puxeron en risco ou expulsado a numerosos pescadores artesanais, co conseguinte empobrecemento das comunidades. Así mesmo, os habitantes das zonas limítrofes denunciaron reiteradamente verteduras incontrolladas de refugallos de peixe, así como químicos para evitar o olor, que acaban contaminando os acuíferos da rexión. Pero ao igual que Pescanova, Calvo conta cunha política de RSC.

Queda claro o insuficientes que resultan estas políticas de RSC e o prexudiciais que poden ser para garantir a calidade da cooperación ao desenvolvemento e, por ende, a loita contra a pobreza. Por todo isto, dende Amigos da Terra consideramos que a Administración ten un papel fundamental como órgano regulador e normalizador das relacións sociais, ademais de ser determinante como axente económico para facilitar a aplicación dunha normativa internacional e incentivar a adopción de criterios de RSC a través de accións de formación, sensibilización, subvencións, incentivos fiscais, etc.

Responsabilidade das ONGD como axentes sociais

A regulación da RSC non pode quedarse na voluntariedade, sobre todo cando falamos de bens públicos globais como os dereitos humanos ou ambientais. Por iso, ONGD como Amigos da Terra deben ter un papel preponderante como axentes de cooperación, non só polo feito de desenvolver proxectos que contribúan á mellora das condicións de vida das poboacións menos favorecidas, senón tamén pola responsabilidade que ten como axente social de incidir nas políticas e prácticas empresariais.

Apostar pola calidade na cooperación ao desenvolvemento significa para Amigos da Terra, decantarse por unha coherencia entre as políticas de internacionalización das empresas multinacionais e as políticas de cooperación, e para logralo, é preciso que:

*Se mantéña un diálogo sistemático cas empresas multinacionais, administración, ONGD e outros axentes.

*Que exista unha mínima regulación da RSC, sen que esta sexa considerada un substitutivo da regulamentación ou lexislación sobre dereitos sociais ou medioambientais.

*Que as empresas multinacionais non se escuden nas lexislacións



Traballadoras de Calvo na fábrica que a empresa galega teñe en O Salvador.

laxas dos países onde se implantan, senón que, polo contrario, teñen a obriga de fomentar a instauración dun marco lexislativo, co fin de ter unha actuación socialmente responsable.

*Desenvolver campañas de información á cidadanía sobre as actuacións das empresas españolas e galegas nestes países, co fin de que a cidadanía poda ter suficientes elementos de xuízo, que influan no seus hábitos de compra e inversión.

*A Administración debe xerar incentivos para aquelas empresas que adopten criterios de RSC e marcos regulatorios que eviten que se confundan as actuacións relacionadas ca acción social e as verdadeiras estratexias de RSC.

*Crear selos que certifiquen a actuación social e medioambientalmente responsable, tanto da empresa central como da súas filiais e toda a cadea de produción.

En definitiva, para Amigos da Terra a erradicación da pobreza depende dun profundo cambio no sistema económico, político, social e medioambiental actual, e para logralo as multinacionais xogan un papel fundamental. Non debemos esquecer que 51 das 100 economías do mundo están en mans das multinacionais, por iso a incorporación da RSC é determinante.

1. www.observatoriorsc.org

2. Informe "Los nuevos conquistadores". Greenpeace

VOLUNTARIADO LOCAL

Ecovixías Na busca de infraccións ambientais

Ángel Dorrió

info@amigosdaterra.net

A realización de saídas de ecovixilancia na asociación remón-tase ao ano 2000, cando se decide adaptar ao entorno galego o proxecto de Amic de la Tierra Italia, que na cidade de Floren-cia ten concertado co concello un sistema de vixilancia cidadá das zonas verdes e arredores.

É así como comezamos a realizar en Amigos da Terra as saí-das de ecovixías, nas que voluntarios e voluntarias da asocia-ción patrullan distintas rutas en zonas de interese ambiental de Galicia en busca de agresións ambientais, como poden ser vertedoiros incontrolados, vertidos nos ríos, incumprimento do caudal ecolóxico, talas ilegais de árbores, extraccións ilegais en canteiras, maltrato animal, etc.

No momento no que se detecta unha agresión ambiental, os/as voluntarios/as recollen documentación gráfica dos feitos e toman nota, coa axuda dun GPS, da localización exacta da in-fracción, que posteriormente trasladarán a un plano para que

deste xeito sexa máis fácil de localizar pola administración competente.

Así mesmo, en cada unha das saídas, o grupo cubre unha ficha con cada unhas das infraccións localizadas, que despois pasarán ao servizo de asesoría xurídica, encargado de darlle forma e convertelas en denuncias.

Toda a información recollida nas saídas, tanto gráfica como escrita, se trasladará coa maior celeridade á administración correspondente (Concello, Confederación Hidrográfica, Con-sellería de Medio Ambiente, etc) para que esta actúe en con-secuencia, tanto sancionando ao posible infractor como res-taurando a zona afectada. Con este tipo de actuacións non se pretende suplir o papel da autoridade, senón axudarlle a que cumpra coa súa obrigaición, facilitándolle toda a información posible, e exercendo o dereito que todos/as temos como cida-dáns, de velar polo cumprimento das leis e a conservación do

medio ambiente.

Así mesmo, a través destas saídas de ecovixías, tratamos de favorecer a participación social, por medio de persoas voluntarias comprometidas e interesadas na protección do medio ambiente.

Durante o presente ano realizamos tres saídas de ecovixías. A primeira, na Lagoa de Antela, onde visitamos as areeiras e o observatorio de aves. Así mesmo, comprobamos como eran as construcións tradicionais da xente que vivía na Lagoa de Antela, feitas con terróns de area, herba e palla.

A segunda ecovixía a realizamos na zona da Ribeira Sacra e os Canóns do Sil, unha zona incluída na Rede Natura 2000. Ademais das impresionantes paisaxes dos canóns, puídemos comprobar o impacto da acción humana na zona, reflectida nos parques eólicos e nas torres das liñas de alta tensión que estragaban a nosa vista.

A terceira ecovixía deste ano tivo lugar no Parque Natural de Fragas do Eume, unha zona que conta con máis de 9000 ha de superficie de lagos, vales, bosques e natureza viva e verde situado na provincia de A Coruña.

Dende Amigos da Terra animámosvos a participar nesta iniciativa, na que ademais de coñecer paraxes incomparables e disfrutar dun día en plena natureza, axudaredes a conservar o medio ambiente.



Realizamos rutas en zonas de interese ambiental de Galicia.



Un grupo de voluntarios/as durante a ecovixía ao Parque Natural de Fragas do Eume.

Que podes facer ti?

Gustache a informática? Podes colaborar no mantemento dos equipos informáticos, actualización da páxina web, ou no deseño gráfico.

Danseche ben os idiomas? Axudanos a facer traducións ou correccións en galego, castelán e inglés.

Ademais, podes participar nas diferentes campañas de sensibilización das áreas de residuos, cambio climático e cooperación, e tamén no Centro de Educación Ambiental "As Corcerizas".

Faite voluntario/a de Amigos da Terra contactando connosco neste correo electrónico:

voluntariado.galicia@amigosdaterra.net

GRUPO LOCAL OURENSE

Esquecemento entre cinzas

Xosé Santos

voluntariado.galicia@amigosdaterra.net

“A locura é seguir facendo o mesmo e esperar resultados diferentes” (Albert Einstein).

Nos anos noventa, Galicia gastaba unha media de 30 millóns de euros na prevención e extinción de lumes forestais. Nos primeiros anos do novo século o diñeiro público adicado aos lumes ascendeu a máis de 60 millóns e no presente 2010 estamos cerca dos 107 millóns, dos cales tan só 2 millóns están destinados a prevención.

Estes macrodatos económicos convierten a Galicia no territorio da Unión Europea que máis diñeiro destina á extinción de incendios forestais. A pesar disto, a comunidade segue á cola en tarefas de prevención, feito que provoca que cada ano haia que contabilizar miles de hectareas arrasadas polo lume.

Os plans de loita contra o lume, os chamados PLADIGA en Galicia, reflicten que no pasado verán 2010 se mobilizou a 6.085 persoas, 689 brigadas de extinción, 26 medios aéreos propios, 8 medios aéreos do Ministerio de Medio Rural, 4 helicópteros dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, 156 autobombas...

Argumentan dende a Xunta de Galicia que os obxectivos deben ser ambiciosos e realistas, polo que están satisfeitos con

manter os lumes maiores de 25 hectareas por debaixo do 2 % e a porcentaxe de lumes por enriba do 70 %. Porén, no plan tan só dedican un escaso 2 % do total ao deseño e impulso do “Plan de Prevención”, un grave erro.

Distintas organizacións, especialistas e conclusións de seminarios aconsellan atopar un equilibrio entre os gastos de prevención e os de extinción, un equilibrio do que Galicia fuxe a pasos axigantados, tal e como indican as cifras antes mencionadas. Mais deixando ao marxe os macrodatos e as estatísticas doadas de manipular, e que moitas veces só buscan confundir ao conxunto da sociedade, ímonos centrar nos métodos de prevención máis útiles para reducir o número de incendios na nosa comunidade e, por conseguinte, o gasto utilizado na extinción dos mesmos.

Producido un incendio forestal, o clima, a meteoroloxía e o estado da vexetación son tres dos principais condicionantes, que non por elo causantes, da evolución e perigosidade do lume. Se este factores son adversos, pouco temos que facer diante de vagas de lumes como a acontecida no verán do 2006, pero se invertimos os nosos esforzos en mellorar a prevención, podemos evitar que moitos lumes teñan lugar.



A falta de limpeza dos montes contribúen á propagación do lume.

A prevención pasiva, a prevención activa e a prevención interactiva son os tres vértices do triángulo da prevención de lumes.

A prevención pasiva encárgase de todas e cada unha das infraestruturas que lle dan ao territorio unha operatividade para prever en primeira instancia e actuar coa máxima rapidez e eficacia nun incendio. É dicir, compartimentación do territorio, rede de camiños, áreas cortalumes, puntos de vixilancia, elaboración de mapas de risco, puntos de auga, etc.

A prevención activa é a que levan a cabo o equipo humano, e, polo tanto, é moi importante dotala dos medios que precisa, que exista un número axeitado de axentes forestais, protocolos de actuación e coordinación, coñecemento e aplicación da lexislación e normativas, campañas de educación e sensibilización...

E, por último, a prevención interactiva, que se centra na investigación de lumes forestais pasados. Con ela inténtase sacar o máximo proveito da situación mediante a obtención dunha información privilexiada, xa que, por norma xeral, os traballadores dos servizos forestais adoitan ser os primeiros en chegar ao sinistro e, polo tanto, convértense en informadores clave.

A importancia da investigación das causas

A investigación das causas debe ser o eixo sobre o que se formule calquera política de montes. Por elo, un dos pasos máis importantes para previr novos lumes é afondar na análise das causas que os provocaron. Débeselle poñer nome a apelidos a cada caso, non podemos seguir tendo un número tan considerable de incendios dos que descoñecemos as causas.

Ademais, segundo un estudo realizado polo CSIC, no caso de Galicia, máis do 99% dos incendios forestais son producidos pola man do home e, polo tanto, previsibles e evitables.

Deste xeito, podemos concluir que se coñecemos as pautas de comportamento da poboación que atenta contra os ecosistemas forestais, poderemos artellar medidas axeitadas para minimizar e erradicar os incendios producidos por causas humanas. E para coñecer estas causas, é necesario crear Unidades Especiais de Investigación de Causas de Incendios Forestais.

En Galicia hai cun colectivo de 500 funcionarios públicos, axentes forestais, que deben e poderían cumprir con este papel, polos



A limpeza das áreas próximas ás casas é fundamental.

seus coñecementos, por que están integrados no medio, polo seu papel como informadores clave,...Non obstante, a Xunta de Galicia amosa un desleixo e falla de visión incomprendible ao non aproveitar estes recursos propios e ao poñer en entredito as súas competencias como policía xudicial xenérica.

A evidencia máis antiga do uso do lume atopámola en Terra Amata (Francia), o Homo Heidelbergensis foi o primeiro en controlar o lume como ferramenta, hai aproximadamente 400.000 anos. Miles de anos despois, na nosa comunidade o lume anda polos ecosistemas forestais sen control. Fume e cinzas producen efectos perniciosos que fan esquecer aos gobernantes e ao conxunto da sociedade a necesidade de atopar solucións ao problema medioambiental máis grave do noso país dende hai moitos anos. Hoxe máis que nunca, precisamos unha nova cultura forestal contra os incendios, non podemos seguir aplicando os mesmos remedios e esperar outros resultados.

Hai cinco anos, faleceron once compañeiros atrapados por un lume forestal explosivo en Guadalajara, no 2009 outros cinco bombeiros faleceron nun incendio forestal en Tarragona e o pasado mes de xullo perdemos a dous brigadistas galegos nun incendio en Fornelos de Montes. A pesar da alta siniestralidade que supoñen os traballos de prevención e extinción dos lumes forestais, incomprendiblemente, a Xunta de Galicia aínda non elaborou o imprescindible Plano de Prevención de Riscos Laborais para minimizar no posible os riscos laborais e garantir unha protección axeitada tanto dos traballadores e traballadoras como do conxunto da cidadanía.



Pequenos grandes logros de Amigos de la Tierra

Internacional

Premio Nobel Alternativo

O presidente de Amigos de la Tierra Internacional, Nnimmo Bassey, recibirá o vindeiro 6 de decembro en Estocolmo o “Right Livelihood Award” ou Premio Nobel Alternativo. Nnimmo Bassey, que é tamén Director Executivo de Amigos da Terra Nixeria, foi nomeado por revelar os horrores ecolóxicos e humanos da produción de petróleo e polo seu traballo inspirador para fortalecer o movemento ambiental en Nixeria e a nivel mundial.



A Illa de Ometepe nova Reserva da Biosfera

A Illa de Ometepe foi declarada nova Reserva da Biosfera pola Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO). A riqueza natural da Illa merecelle o seu ingreso na Rede Mundial de Reservas da Biosfera. Amigos de la Tierra, que traballa dende fai tempo na illa con proxectos de xestión e manexo eficiente dos recursos, participou na formulación da ficha coa que se acadou este nomeamento.

Premio Goldman

A directora de Amigos de la Tierra Suazilandia, Thuli Brilliance Makama, gañou o prestixioso Premio Goldman. Creado hai 21 anos, o Premio Ambiental Goldman outórgase cada ano a heroes ecoloxistas de base de cada unha do seis rexións continentais máis poboadas do mundo. Este premio é realmente merecido por Thuli, quen recentemente gañou un caso legal sen precedentes para incluír a representación da ONG na Autoridade Ambiental de Suazilandia.



Participación no 10ª Cumio da Convención de Diversidade Biolóxica

Amigos de la Tierra participou na 10ª reunión do Convenio mundial sobre Diversidade Biolóxica que tivo lugar en Nagoya, Xapón, o pasado mes de outubro. Fernando Ramos, experto en comunicación ambiental e membro de Amigos da Terra participou neste cumio como observador de Amigos de la Tierra. As negociacións concluíron coa adopción vinculante dun Protocolo internacional contra a Biopiratería e con novos obxectivos para frear a perda de biodiversidade en 2020.



Novo premio para o documental de Amigos de la Tierra

'Manual de uso para unha nave espacial', o documental de Amigos de la Tierra sobre o cambio climático lévase o premio Verde AISol do Cinestrat, o Festival de Cine de Finestrat, Comunidade Valenciana. Este galardón súmase ao premio honorífico Educatif Sensibilización conseguido o ano pasado no Festival de Pamplona. O documental móstranos a través de catro curtas enlazadas, a visión do cambio climático segundo os distintos sectores da sociedade española, así como os efectos provocados por este fenómeno no noso ámbito máis próximo.



Amigos da Terra inicia un novo proxecto de cooperación en Honduras

O proxecto titúlase "Redución da vulnerabilidade alimentaria e uso racional dos recursos naturais na microconca do río Laure, Honduras", e o seu obxectivo é contribuír a diminuír a pobreza e a vulnerabilidade alimentaria das familias do sur de Honduras, promovendo un uso racional dos recursos naturais e sistemas sostibles de produción de alimentos. O proxecto desenvolverase en consorcio con Enxeñeiros sen Fronteiras Galicia e o Laboratorio de Enxeñería Cartográfica da Universidade de A Coruña (CARTOLAB).



Amigos da Terra e AGARESO comparten sede social en Vigo

Coa apertura desta sede, as dúas organizacións aúnanse para compartir recursos e duplicar os seus resultados, ao mesmo tempo que loitan por romper o tópicus da competitividade entre as ONGD. Amigos da Terra e AGARESO predicán co exemplo, traballando para achegar á cidadanía de Vigo cuestións de solidariedade que non chegan ao gran público, servindo como enlace entre a veciñanza da cidade olívica e os problemas medioambientais.



Conservación da Natureza confirma a vertedura ao Támeiga denunciada por Amigos da Terra

Amigos da Terra denunciou ante o Servizo de Conservación da Natureza de Ourense, ante o Concello de Verín e ante a Confederación Hidrográfica, a existencia dunha vertedura ao río Támeiga. Conservación da Natureza confirmou esta vertedura, cuxo orixe localízase na incorrecta xestión de dúas fosas sépticas. Os axentes están a facer un seguimento das actuacións que debe levar a cabo o Concello para reparar o dano causado.



“Cousas que para nós poden resultar banais, para eles significan moito”

Como xorde a colaboración entre Amigos da Terra e Agareso?

A relación comezou hai anos, cando membros de Amigos da Terra colaboraban en medios de comunicación para os que traballaban integrantes de Agareso. Cando xorde a nosa ONGD, contactamos con Amigos da Terra para coñecer as súas actividades no exterior, o que permitiu unha colaboración que frutificou na expedición ao Golfo de Fonseca.

En que consistiu o voso traballo no Golfo de Fonseca?

Consistiu en visibilizar e dar a coñecer os proxectos que Amigos da Terra está a levar a cabo en cooperación ao desenvolvemento, coa intención de sensibilizar á poboación sobre a gran labor que se está realizando no Golfo de Fonseca en materia de pesca artesanal. Visitamos os proxectos en marcha e tivemos a oportunidade de comprobar “in situ” como grazas á cooperación galega e á implicación das comunidades se conseguíu mellorar a calidade de vida e a

protección do medio ambiente. Foron doce días de intenso traballo, pero tamén de grandes emocións. Entrevistámonos coas cooperativas de pescadores artesanais, de mulleres, de camaroneiros, de salineiros, con institucións locais, con representantes de ONG locais e con responsables de empresas españolas presentes alí.

Que tipo de melloras percibistes nas comunidades?

Foron moitas as melloras que puidemos apreciar. Eles mesmos recoñeceron que a axuda da Xunta de Galicia a través de Amigos da Terra e das contrapartes lles cambiou a vida. Cousas que para nós poden resultar banais, para eles significan moito. Unha neveira portátil, conxeladores ou unha mesa de aceiro onde limpar o peixe, contribuíron a mellorar as condicións laborais e, en definitiva, a mellorar a súa propia vida, que xira en torno ao mundo da pesca. Ademais, os cooperativistas recibiron formación, a través de cursos de capacitación, manipulación de peixe, elaboración de farifa de peixe, etc.



Eva Alonso, xornalista e membro de Agareso.

Consideras que a cooperación que están levando a cabo ONGD's como Amigos da Terra é eficaz?

Estase a facer unha labor moi importante nesta zona, a capacitación e formación dos pescadores é fundamental para o seu desenrolo profesional, así como o fortalecemento das mulleres, incorporándoas nas labores profesionais destinadas ata ese momento para os homes. Ademais, Amigos da Terra está a loitar pola conservación dos recursos mariño-costeiros, algo que puidemos apreciar no traballo que están a realizar na loita contra a tala do mangle para que non se destrúa o bosque salgado. Do mesmo xeito, grazas a información e os proxectos de reciclaxe que se están poñendo en marcha empezan a ter conciencia medioambiental. Non obstante, consideramos que aínda queda un longo camiño por recorrer para que a reciclaxe sexa

unha realidade nestas terras.

Despois da visita, crees importante a xestión do medio ambiente en cooperación ao desenvolvemento?

Por suposto, penso que é fundamental. Calquera ONG cando pon en marcha un proxecto de cooperación ao desenvolvemento debe coidar o medio ambiente e realizar unha xestión sostible dos recursos naturais que posúan as zonas e países onde se actúe. Neste caso, Amigos da Terra está levando a cabo unha importante labor de concienciación medioambiental da poboación deste paraíso natural de Centroamérica. Un claro exemplo é a cooperativa de camaroneiros “Ojoche”, en Nicaragua. Alí varias familias que cortaban o mangle para vendelo como “leña”, deixaron de facelo e dedícanse á cría do camarón, actividade que ten maior rendibilidade e menor impacto ecolóxico.

Amigos da Terra neste 2010 estivo en...



Lugares da xeografía galega onde Amigos da Terra estivo presente neste primeiro semestre do 2010

A CORUÑA:

A Coruña
Arzúa
Cereda
Oleiros
Santiago de Compostela
Pontedeume

LUGO:

Lugo
Portomarín

OURENSE:

Allariz
As Corcerizas
Maceda
O Carballiño
Ourense
Vilar de Barrio
Xinzo de Limia

PONTEVEDRA:

Caldas de Reis
Cangas
Cuntis
Lalín
Marín
Moaña
O Grove
Pontevedra
Vigo



**Amigos
da Terra**

Amigos da Terra
Rúa da Concordia 20 - 2º Esq.
32003 Ourense
Tel.: 988 374 318 | Fax: 988 511
020
info@amigosdaterra.net
www.amigosdaterra.net

Grupo Comarcal de Pontevedra
Rúa Policarpo Sanz nº 17 1º D
36202 Vigo, Pontevedra
Tel.: 986125171; 986129112

✚info en: www.amigosdaterra.net

Faite socio/a de Amigos da Terra



Nome e apelidos		Data de nacemento	
Enderezo		Poboación	C.P.
Provincia	Tel.	Móbil	
Ocupación		Correo-e	

Desexo participar coma soci@ abonando unha cuota anual de:

- 20 euros (só para menores de idade e desempregados)
 80 euros 100 euros

- 40 euros 60 euros
 Outra cantidade.....euros

Desexo participar facendo un donativo de.....euros.

Orde de domiciliación bancaria (recomendado)

Se non queres domiciliar a cuota, envíanos un cheque a nome de Amigos da Terra, ou ingrésao na conta 2091/ 0450/ 41/3040043331 (Caixa Galicia)

Titular da conta ou libreta:.....

Entidade:/ Oficina:/ D.C./..... Nº de conta:.....

Nome e enderezo da entidade:.....

Sr./Sra. Director/a, prego abone con cargo á miña conta os recibos anuais da asociación Amigos da Terra, por un importe de.....Euros

Data.....

Sinatura

- 1.- As persoas socias de Amigos da Terra teñen dereito a participar nas actividades promovidas pola asociación, así como a participar nas decisións, a exercer o seu dereito a voz e voto nas asembleas xerais e a formar parte dos órganos de goberno.
- 2.- As aportacións económicas teñen desgravación fiscal. Amigos da Terra facilitará un certificado xustificativo a petición súa, para o que é preciso que facilite o seu NIF.
- 3.- A información que nos facilita quedará recollida no arquivo de Amigos da Terra. Vostede ten dereito a acceder a ela, rectificala ou cancelala.